## Martes 26

2

## Comprendo un texto informativo

## Gotas de suor

Suar é unha das maneiras en que o corpo se desfai de certas substancias de refugallo, que chegan ao exterior a través das glándulas sudoríparas. É, ademais, un mecanismo espléndido de regulación da temperatura corporal. Por moito que nos moleste suar, non facelo podería chegar a ser moi prexudicial, mesmo mortal!

As aves teñen as glándulas sudoríparas debaixo das ás e nas partes do corpo libres de plumas. Entre os mamíferos, non son moitos os que súan. Boa parte deles, como a vaca e o can, loitan contra o aumento da temperatura cun sistema moi diferente: alentando a un ritmo acelerado e cun palmo de lingua fóra!

Se algunha vez pensaches que súas moito, intenta poñerte por un momento na pel dun cabalo. Estes animais chegan a perder de 10 a 15 litros de suor por hora mentres fan un exercicio moderado... e máis de 40 se é intenso!

Posiblemente, a «suor» máis estraña do reino animal é a do hipopótamo, dunha cor que vai do rosa suave ao vermello intenso. As lendas din que é porque súa sangue... Non o creas! Trátase, en realidade, dunha mestura de substancias que teñen, entre outras virtudes, a de protexelo do sol e das infeccións. E é que a natureza é sabia!

1	Busca no texto e copia. Para que serve suar?
2	Explica. Como regulan a temperatura corporal as persoas e os cans?

	k	Absorber e expulsar o aire, respirar.	
glándula		<ul> <li>Órgano do corpo que produce substancias coma a</li> </ul>	
prexudicial refugallo alentar		5. TO W. S.	
		Historia imaxinaria que se explica coma se fose real.	
lenda		<ul> <li>Que provoca un prexuízo, é dicir, un dano.</li> </ul>	
ionad		Cousa que non se aproveita, que se tira.	
Marca só as a	firmacións qu	e sexan certas.	
Suar pode resultar prexudicial para a saúde.			
	- 10 m		
A suor chega ao exterior a través das glándulas sudoríparas.			
Os paxaros súan polas puntas das plumas.			
As vacas regulan a súa temperatura suando coma as persoas.			
Os cabalos poden suar ata 40 litros por hora se fan un exercicio intenso.			
- 10	F	to que fala sobre o hipopótamo e responde. ore a súa suor?	
Que contabar	n as lendas sob	ore a súa suor?	
Que contabar	n as lendas sob		
Que contabar	n as lendas sob	ore a súa suor?	
Que contabar    Que é en real	n as lendas sob lidade e que uti	ore a súa suor?	
Que contabar	n as lendas sob lidade e que uti soa	ore a súa suor?	
Que é en real     Arrodea a pers	n as lendas sob lidade e que uti soa	ore a súa suor?	
Que é en real     Arrodea a pers	n as lendas sob lidade e que uti soa	ore a súa suor?	
Que é en real     Arrodea a pers	n as lendas sob lidade e que uti soa	ore a súa suor?	
Que é en real     Arrodea a pers	n as lendas sob lidade e que uti soa	ore a súa suor?	